

FUNDAMENTOS PARA UNHA REDE DE ARQUIVOS MUNICIPAIS DE GALICIA, DESDE AS EXPERIENCIAS DOS ARQUIVOS DE BETANZOS E A CORUÑA

ALFREDO ERÍAS MARTÍNEZ
Arquivo Municipal de Betanzos

JOSÉ VÁZQUEZ GÓMEZ
Arquivo Municipal de A Coruña

RESUMEN

Exprésanse unha serie de consideracións introductorias sobre os conceptos de sistemas e redes de arquivos, para a continuación pasar a ter en conta o marco legal existente onde teñen que desenrolarse. Analízanse as características mínimas que debe ter un sistema desta natureza, de xeito que os arquivos municipais de Galicia poidan constituir unha rede que sexa o soporte básico destas institucións no desenrolo das funcións que lles son propias.

Enuméranse tamén unhas propostas concretas para levar á realidade a dita rede, propostas que van dirixidas tanto á Comunidade Autónoma como ás Corporacións Locais. Así mesmo, propónse un cadro básico de clasificación de fondos municipais (a nivel de Seccións, de momento) partindo da experiencia obtida en dous arquivos municipais: Betanzos e A Coruña.

1. CONSIDERACIÓNS XERAIS

Establecer os principios ou bases que deben inspirar a creación dun sistema ou dunha rede de arquivos, non é nada doado, sobre todo se iso ten que facerse nunha Comunidade que aínda non obtivo (no momento de escribir estas liñas) as transferencias do Estado nesa materia. Non se pode esquecer que nos fundamentos que inspiren calquera acción neste senso han de contarse tódalas esencias que guíen o desenrolo de dito sistema ou da dita rede.

Desencadear este proceso ordenadamente non é sinxelo; menos aínda cando debe ser levado a cabo no medio doutro profundo proceso de cambio das estruturas básicas do Estado. As dificultades son patentes e a explicación está na propia existencia deste Congreso que trata de revisar en profundidade a estrutura arquivística do país, cando hai xa oito anos que se proclamou a Constitución e xa están establecidos os diferentes Estatutos de Autonomía.

A Acta Constitucional trouxo consigo un Estado altamente descentralizado sobre a base de tres niveis de toma de decisións políticas diferenciados: Municipio, Comunidade Autónoma e Estado. Cada un deles é responsable, dentro do marco constitucional que os articula e relaciona, das súas accións diante a Lei e diante o pobo.

Unha das organizacións que se ven forzadas a un cambio estrutural de adecuación ó novo ordenamento xurídico é o sistema español de arquivos. A tarefa, polo tanto, debe ser vista desde dúas dimensións: a primeira, como un proceso de actualización e modernización dos servizos arquivísticos; e a segunda, como un paso importante no proceso de transformación administrativa, e incluso política, de todo o Estado.

Iso non debería esixir a perda de efectividade do sistema, mantendo, ademais, os custos económicos e, o que é máis fundamental, acercando o máximo posible os arquivos ós cidadáns. Trátase de dar un paso de coherencia e eficiencia no desenrolo do sistema en liña cos imperativos constitucionais.

Os responsables de levar adiante o proxecto deberían ter en conta varios aspectos:

Primeiro, perfilar definitivamente un sistema arquivístico español que poida **ser asumido por tódalas Comunidades Autónomas**, en consonancia coa realidade política do Estado.

Segundo, un sistema a nivel das Comunidades Autónomas que teña as competencias necesarias para a súa axeitada organización e xestión, integrando tódolos arquivos de cada Comunidade, coas únicas limitacións das competencias expresamente atribuídas pola Constitución ó Estado e ás Corporacións Locais.

Terceiro, as Corporacións Locais ademais das propias competencias sobre os seus arquivos, estarían obrigadas a participar na xestión dos servizos dependentes da Comunidade Autónoma que lles afecten directamente (coordinación, información, etc.) con obxecto de garantir, dentro da súa xurisdicción, que eses servizos respondan ás necesidades das propias corporacións e, sobre todo, ás dos cidadáns. Hai que pensar que o maior problema que teñen estes é o acceso ós documentos e o acceso á información mesma (1).

(1) PELOU, M. «Les nouvelles techniques documentaires au service du traitement de l'information». En: *La documentación dans les grandes écoles*. París, Groupe de recherche pédagogique, 1979, pág. 20.

Con esta distribución conseguiríase un sistema arquivístico xeral sobre a base dun Estado coordinador e planificador xeral, unhas Comunidades Autónomas planificadoras e xestoras do sistema no ámbito da súa circunscrición, e unhas Corporacións Locais articuladoras dunha participación comunitaria que condicionaría a xestión do sistema ós intereses dos cidadáns.

Desta maneira cerraría-se o círculo que se abriu no sistema ó estableceríase un proceso descentralizador que levou consigo unha evidente pluralidade de sistemas arquivísticos, ó ser 17 as Comunidades responsables dos mesmos. Pluralidade que aínda se manifesta máis na medida en que os Estatutos non teñen todos as mesmas competencias nin o mesmo desenrolo legislativo.

O problema básico, ó noso xuício, está en atopar cal é o nivel de participación de cada unha das organizacións político-administrativas do Estado, en función da súa propia dimensión e dunha maior eficacia na xestión do sistema estatal. Dentro deste contexto, creemos que os concellos son as institucións básicas para establecer os mecanismos de participación dentro da Comunidade Autónoma.

A experiencia histórica demostra que as únicas células que basicamente se mantiveron inalterables na súa configuración dentro do Estado foron os concellos, entes autónomos por excelencia. Tamén se demostrou que tódalas medidas legislativas, organizativas ou políticas que se tomaron sen contar coa participación decidida dos concellos terminaron en fracaso.

Polo que respecta ós arquivos, remitímonos ó magnífico traballo de Manuel Vaquerizo Gil, *Fondos de la Administración Local en los Archivos Históricos Provinciales* (2). Neste artigo pódense establecer as claves que impediron a integración dos arquivos municipais nun sistema. Sintetízanse na celosa defensa que os concellos fan da súa autonomía, aínda que na práctica eles mesmos mostran o maior desinterés polos documentos da súa propia historia, que según o autor iníciase cos cambios institucionales do S. XIX que fixeron caducar moitos privilexios e dereitos (3).

A pesar do interés demostrado sempre polo Corpo Facultativo de Arqueiros, Bibliotecarios e Arqueólogos na protección do patrimonio documental existente nos concellos, o certo é que o Estado, desde a súa concepción centralista, actuou sempre con tal preponderancia que os concellos opuxéronse sistematicamente a que os seus fondos integráranse noutras institucións (4). Non se pode esquecer que nos órganos que rexiron a política arquivística de España, case nunca figurou un que representase á Administración Local (5).

2. O MARCO LEGAL

Pero, ¿a que ven esta longa introducción ou reflexión? A razón é simple: tratamos de que non se volva a caer nos erros do pasado agora, no momento

(2) VAQUERIZO GIL, Manuel. «Fondos de la Administración Local en los Archivos Históricos Provinciales». *Bol. ANABAD*, XXXII, 1-2 (1982).

(3) VAQUERIZO Gil, Manuel. *Op. cit.* págs. 51-52.

(4) ANDREU PUJALTE, Manuela y otros. «Estructuración y funciones del personal de Archivo de la Administración Local». *Bol. ANABAD*, XXXI, 4 (1981), pág. 536.

(5) ANDREU PUJALTE, Manuela y otros. *Op. cit.*, págs. 534-535.

en que se pon sobre a mesa o intento máis serio de racionalización do sistema arquivístico español, de xeito que se remate dunha vez co divorcio existente entre as distintas políticas arquivísticas.

A configuración autonómica do Estado produce distintos desenrols nesta materia e conseguintemente a aceptación de diversos modelos, sempre e cando desexemos que en España o sistema estatal sexa a suma dos diferentes Sistemas Autonómicos (6). Máis fácil téñeno aquelas comunidades uniprovinciales e hai que agradecer neste punto os traballos dos arquivistas da Comunidade madrileña que sinalaron o camiño a seguir. Pero polo mesmo, téñeno máis difícil aquelas Comunidades multiprovinciales, como é o caso de Galicia.

Se xa resulta complexo unificar criterios a nivel uniprovincial, máis o será cando existan uns organismos, como as Diputacións, que poden distorsionar calquera actuación que non vaia precedida da súa participación. Se a isto engadimos a atomización municipal e a máis que probable, a medio prazo, comarcalización de Galicia, atopámonos nunha situación na que facilmente podemos deseñar un sistema que se veña abaixo como un castelo de naipes, se non somos conscientes desa realidade.

Non se pode pasar por alto declaracións recentes de responsables da Xunta á prensa galega, onde máis de un conselleiro defendeu xa as transferencias de competencias das Diputacións ás futuras comarcas e ós concellos (7). Non estará demáis lembrar a Napoleón cando dicía que non se deben facer leis imposibles de cumprir. Do mesmo xeito, atrevémonos a dicir: non se poden facer sistemas que resulten inviables.

Non cabe dúbida que foi precisamente nesta comunidade onde xurdiron os pioneiros, preocupados pola definición dun Sistema de Arquivos para Galicia. E, como é natural, temos que recoñecer que sen as súas aportacións difícilmente poderíamos estar hoxe aquí tratando estes temas. Durante un decenio foise deseñando un modelo que por desgracia nunca atopou o axeitado marco legal. Quizais foi ese carácter de adelantados o que ocasionou certa precipitación ó non concordar o marco legal teórico co marco legal real xurdido con posterioridade.

Non sabemos se os autores das «Bases pra unha organización autonómica dos Arquivos de Galicia» (8) seguen mantendo a mesma concepción do Estado, facendo depender o sistema arquivístico dunha organización administrativa case federalista (9) na que se prevía unha Dirección Xeral de Arquivos; unha Xunta Técnica, composta por funcionarios do Corpo Facultativo; unha Inspección Técnica, que, por certo, o propio Corpo Facultativo non soubo manter dentro do Sistema Arquivístico Español; e outra Inspección máis a cargo dos directores dos Arquivos Históricos Provinciales do Estado.

Probablemente se excedían, como recoñecía un dos autores das Bases (10), ou simplemente no fondo ó que se aspiraba era a manter un «sistema unitario,

(6) HEREDIA HERRERA, Antonia. *Archivística General. Teoría y práctica*. Sevilla. Diputación Provincial de Sevilla, 1987, págs. 137-138.

(7) EL CORRERO GALLEGO, 26-2-1988, pág. 12.

(8) GIL MERINO, Antonio y otros. Pontevedra, CIES, 1977.

(9) LOPEZ GÓMEZ, Pedro. «Criterios para redactar una Ley de Archivos en una Comunidad Autónoma». *Bol. ANABAD*. XXXV, 2-3 (1985), págs. 260.

(10) LOPEZ GÓMEZ, Pedro. *Op. cit.* págs. 260.

considerando a los Archivos del Estado como eje de la Red» (11). E dicir, o resto dos arquivos eran considerados menores de idade e debían ser tutelados polos arquivistas do Estado, sen ter en conta que as distintas administracións dotábanse dun personal (12) que, aínda que lonxe da cualificación dos compañentes do citado Corpo, ían cumprindo dignamente a súa misión e, polo tanto, eran merecedores de facer oír a súa opinión. A non ser que todos estesamos dacordo cunha das afirmacións contidas nas «Bases para unha...» cando se dí: Os funcionarios da Administración Local actualmente en servizo nos arquivos formarán un corpo a extinguir, e as plazas vacantes serán cubertas por funcionarios dos devanditos corpos especiais (Facultativo e Axudantes) (13). Non sabemos se aínda se seguirá pensando igual.

Aínda que en teoría un sistema rexional xa está deseñado por Antonia Heredia Herrera (14) e pouco se pode engadir á súa análise, a realidade impón que se actúe con cautela. Galicia non recibiu transferencias do Estado en materia de Arquivos. Non sabemos, en definitiva, con que medios vai a contar nin cal vai ser a política futura da Xunta unha vez que reciba as transferencias. Establecer, pois, un sistema sen ter en conta estes condicionantes, pode levarnos a amarga reflexión de Pedro López, sen dúbida algunha quen aportou os traballos máis brillantes, cando dí: «La realidad ha seguido por cauces distintos, llevando una elaboración independiente del sistema autonómico en relación al estatal en Galicia, no siempre concordante con el criterio de los profesionales, y que ha causado ciertas discrepancias sobre temas tanto puntuales como generales» (15).

Ten razón ó queixarse, o que non fai máis que apuntalar nosas teses. Efectivamente, Galicia está sen transferencias, pero a Xunta creou a Arquivo Administrativo de Galicia. Isto é importante, porque condiciona todo o sistema. Galicia quere ter os seus propios arquivos, independentemente de aqueles que baixo calquera fórmula sexan compartidos co Estado. Está claro que un sistema de arquivos depende da organización político-administrativa do país (16).

Temos daquela que aternos ó decreto que regula o Sistema de Arquivos da Comunidade Autónoma (17), por máis que teña defectos, onde a Consellería de Cultura se reserva o nomeamento dos directores dos seus arquivos. Pero máis importante é que non considera propios os arquivos das Deputacións e dos Concellos. O que reflexa, nin máis nin menos, é o difícil que resulta a inxerencia nos niveis locais.

3. CARACTERÍSTICAS DO SISTEMA

Desde esta perspectiva, a análise da realidade arquivística galega dentro

(11) LOPEZ GOMEZ, Pedro. «Galicia. Los Archivos de la Administración Autonómica. Una propuesta de organización». *Bol. ANABAD*. XXXVII, 1-2 (1987), pág. 231.

(12) ANDREU PUJALTE, Manuela y otros. *Op. cit.*, pág. 536.

(13) LOPEZ GOMEZ, Pedro e outros. *Arquivos, Autonomía e dereitos cidadáns*. Santiago. CIES, 1978, pág. 35.

(14) HEREDIA HERRERA, Antonia. *Op. cit.*, pág. 138.

(15) LOPEZ GOMEZ, Pedro. «Galicia. Los Archivos de la...». *Op. cit.*

(16) HEREDIA HERRERA, Antonia. *Op. cit.*, págs. 138-139.

(17) Decreto 414/86 de 18 de diciembre (DOG de 23-1-87).

dese cambio estrutural, só se pode abordar desde o estudo de aqueles aspectos que a caracterizan: organizativos, funcionais e participativos, encadrados na súa natural evolución histórica.

- A) As características organizativas básicas do sistema arquivístico de Galicia podería resumirse na existencia de múltiples redes. E dicir, un sistema que se compón de distintos subsistemas coa pretensión de globalizalos. Cada unha destas redes, reais ou teóricas (Arquivos da Administración Central, Arquivos da Comunidade Autónoma e Arquivos da Administración Local), mirou máis cara a si mesmo que á busca desa unidade do patrimonio documental do Estado. Desde o noso punto de vista, o erro fundamental foi plantexar as solucións do sistema pola vía da integración. Cando se apela á integración como característica do sistema, estahse poñendo de manifesto fallas estruturais profundas. Non poden integrarse facilmente estruturas que compiten en distintos campos de actuación e, moito menos, cando se ten a arrogancia de querer existir en solitario. Creemos que a única solución posible ós problemas organizativos do Sistema de Arquivos de Galicia, se queremos resolver a desconexión das redes, é buscar fórmulas coordinadoras.
- B) Desde a óptica funcional, pódese afirmar que a evolución do sistema de arquivos, polo que se refire á administración periférica ou delegada central, que é a que nos interesa dentro da Comunidade Autónoma, xirou desde 1931 en torno a un eixo: o Arquivo Histórico Provincial (18). A creación destes arquivos non conduceu, tal como se pensaba, ás transferencias documentais previstas (19). Si a propia Administración Central non conseguiu ordenar istas transferencias, menos lóxico sería que outros niveis administrativos o aceptaran. De calquera maneira sí se pode sinalar que a estrutura do sistema arredor deses arquivos ofreceu aspectos moi positivos, pero hoxe en día esa tendencia parece cando menos obsoleta. Aquel desenrolouse dentro dun réxime centralista, mentres que agora calquera política que se leve a cabo ten que partir do máximo respecto á idea de autonomía política. Hai que escapar de fórmulas paternalistas, como se veu dando ata agora desde o Estado, posto que iso produce o distanciamento das institucións municipais e como consecuencia o alonxamento do sistema.
- C) Unha vez superados os problemas que determinan esa relación orgánica e funcional, debe estimularse a incorporación dos arquivos municipais ó sistema, pero desde unhas pautas que conleven a participación. Esta organizarse de maneira suficientemente equilibrada para que o sistema responda ás necesidades reais dos concellos. Somente desde unha axeitada participación se pode facilitar a defensa da propia rede de arquivos municipais e estimular o desenrolo de progra-

(18) Decreto de 12-9-31 por el que se crean los A.H.P.

(19) VAQUERIZO GIL, Manuel. *Op. cit.*

mas de actuación arquivística. Coordinar a participación é a única vía posible para que nun futuro poidan establecerse códigos de dereitos e deberes dos arquivos municipais.

4. A REDE DE ARQUIVOS MUNICIPAIS DE GALICIA

Vistas as dificultades que o Sistema de Arquivos presenta para a incorporación ó mesmo dos arquivos municipais, atreveríamonos a formular unha serie de propostas que fagan efectiva unha Rede de Arquivos Municipais de Galicia, ó ser ésta a receptora dos fondos máis homoxéneos do sistema. Estamos convencidos de que sen a presenza en plan de igualdade de estas institucións o Sistema non funcionaría; sería como moito un calco do que ata agora se veu dando.

Por outra parte, hai que pensar que esta Rede sería a máis potente, ó reunir nela o maior número de centros, con gran diferenza sobre os outros niveis administrativos. Somentemente en Galicia pasan de 300 os concellos; en España son varios millares, e os seus fondos forman o maior conxunto documental de España. Na política de personal avanza dignamente e xa son moitos os profesionais que están ó frente dos arquivos municipais con resultados verdadeiramente valiosos. Son xa varios os grupos de arquivistas municipais dentro de cada Comunidade, que teñen demostrado ser profundos coñecedores da realidade municipal. Foron eles, sobre todo, os que deseñaron plans arquivísticos en profundidade máis que outras persoas que, alonxadas da realidade, tratan (con boa fe) de impoñer normas ou modos de actuación sen estaren inmersas nelas.

Facemos un chamamento a tódolos responsables de arquivos municipais para que sexamos nós os encargados de unir a malla da Rede, buscando as fórmulas de coordinación que permitan a súa incorporación ó Sistema de Arquivos, primeiro dentro da Comunidade Autónoma e despois do Estado. Outra vía ou camiño creemos que conduciría a reproducir o divorcio anterior.

5. PROPOSTAS PARA O FUNCIONAMENTO DA REDE

A) *A Comunidade Autónoma*

- 1) Establecemento dun servizo de información arquivístico que sirva para a orientación das medidas políticas.
- 2) Realización dunha enquisa en tódolos arquivos municipais.
- 3) Desenrolo de programas arquivísticos.
- 4) Planificación que poida ser asumida polos concellos.
- 5) Medidas para regulamentar a coordinación entre as institucións.
- 6) Creación de servizos encamiñados ó asesoramento técnico e axudas materiais ós arquivos municipais.
- 7) Integración dos datos da Rede no Sistema de Información da Co-

munidade Autónoma.

- 8) Establecemento de sistemas de formación continuada dos profesionais.

B) *As Corporacións Locais*

- 1) Incorporación á Rede en base ós seus propios recursos.
- 2) Profesionalización do persoal dos arquivos.
- 3) Introdución dunha filosofía vinculante do persoal á institución.
- 4) Racionalización da xestión arquivística.
- 5) Aceptación dunha política de concertos coa Comunidade.
- 6) Establecemento de normas de funcionamento dos arquivos.
- 7) Defensa do patrimonio documental municipal.
- 8) Axudas para o estudio e preparación de normas encamiñadas a homoxeneizar a actuación arquivística dos profesionais ó fronte dos arquivos municipais.

A modo de conclusións, poderíamos establecer as seguintes:

- 1) Determinación de criterios xerais a nivel de toda a Comunidade Autónoma.
- 2) Descentralización do poder de decisión.
- 3) Creación de mecanismos de participación.
- 4) Coordinación de tódolos recursos arquivísticos en programas comúns.
- 5) Establecemento dun Regulamento para tódolos arquivos municipais de xeito que se poida levar a cabo o plan propiamente arquivístico: clasificación de fondos e confección dos distintos instrumentos de descripción. Evidentemente este Regulamento debe **tamén prever tódolos aspectos do funcionamento da institución de xeito que sirva nas mellores condicións: á propia administración municipal, ós cidadáns en xeral e ós investigadores en particular.**

6. O CADRO DE CLASIFICACIÓN DE FONDOS

Na tarefa diaria de aillar e ordenar series documentais, contamos con diversos cadros de clasificación de fondos como referencia. Uns adáptanse nunhas cousas e outros noutras, pero ningún nos parece ideal por si só. Esta é a razón de que empezamos a idear o noso cadro, tomando como base os que consideramos mellor construídos, pero tendo en conta a nosa propia experiencia. Quere isto dicir que o cadro que nos resulte será unha consecuencia das realidades dos nosos arquivos e non un apriorismo puramente teórico.

A idea básica é que o cadro debe ser aberto e ó mesmo tempo ten que conxugar o principio de procedencia da documentación co feito de que sirva na longa duración, desde o pasado ata o presente e o futuro. Pero para que

isto sexa así, non hai máis remedio que aplicar o principio de procedencia de xeito relativo: é imprescindible para que o sistema teña elasticidade (20). Porque raia na imposibilidade plasmar ó mesmo tempo nun cadro a cambiante realidade orgánica dos concellos ó longo da Historia (21).

A comparación de dous cadros, o realizado polos arquiteiros municipais de Madrid e o de Antonia Heredia Herrera, de Sevilla, é moi ilustrativa. O cadro de Madrid sería practicamente perfecto, sempre e cando a lexislación que afecta ós concellos fose inmutable. Así si se pode aplicar de xeito absoluto o principio de procedencia, creando que un cadro totalmente orgánico, espello perfecto da administración municipal. Pero, en canto a lexislación cambia (como xa se viu recentemente) o cadro empeza a romperse porque non ten elasticidade. E dicir, non está pensado para a longa duración, senón para unha realidade moi concreta: a dos arquivos municipais madrileños que, nalgúns casos, teñen unha documentación moi moderna.

O cadro de Sevilla ten un plantexamento diferente: está pensado para a longa duración e, conseguintemente, mistura o carácter orgánico co funcional. Unha implicación directa de todo isto é a multiplicación das seccións que lle da unha gran flexibilidade: de só 5 en Madrid, pásase a 17 aquí.

Temos que recoñecer, antes de nada, que o cadro de Madrid tivo moita importancia e séguela tendo, posto que con él pódese organizar moi ben a documentación moderna, digamos desde mediados do s. XIX. Agora ben, consideramos que a filosofía que debe ter o cadro é a aplicada por Antonia Heredia, o que non quere dicir que esteamos de acordo ca súa totalidade co resultado final do seu cadro. De feito, o avance que propoñemos (samente a nivel de seccións) construímoslo aplicando a filosofía antedita ó cadro que consideramos máis perfecto nunha etapa histórica dada, que é o de Madrid. Pero antes de enumerar esas seccións queremos dicir algo sobre os díxitos.

A nosa realidade e os contactos con outros arquiteiros dinnos que é raro o arquivo municipal que non ten, ademais da propia documentación, outra de entidades que moitas veces son alleas orgánicamente ó concello. Pero a documentación está aí e provisional ou definitivamente o arquiteiro ten que organizala e custodiala, aínda que só sexa por unha cuestión moral. Quere isto dicir que, na maioría dos casos, o arquivo municipal en realidade é o arquivo do Concello (en sentido amplo), da vila ou da cidade, máis aló de mera administración municipal. Eses arquivos (o municipal e os demais) deben, pois, considerarse dentro dunha mesma estrutura e iso lógrase dando ó *Arquivo Municipal* o dígito 1 e ós demais 2, 3, 4,... As seccións, así, serán para o municipal: 1.1, 1.2, etc.

Estas son as as seccións que propoñemos e que nós estamos aplicando nos nosos arquivos:

- | | |
|--|---------------------------|
| 1.1. GOBERNO | 1.9. DEPORTES |
| 1.2. ESCRIBANIA. SECRETARIA | 1.10. SERVICIOS |
| 1.3. PERSOAL | 1.11. ORDE PÚBLICO |
| 1.4. SANIDADE. BENEFICIENCIA E ASISTENCIA SOCIAL | 1.12. CONTABILIDADE XERAL |

(20) HEREDIA HERRERA, Antonia. *Op. cit.* págs. 185.

(21) HEREDIA HERRERA, Antonia. *Op. cit.*, pág. 188.

- 1.5. OBRAS E URBANISMO
- 1.6. PATRIMONIO
- 1.7. EDUCACIÓN
- 1.8. CULTURA

- 1.13. RENDAS E IMPOSTOS
- 1.14. ELECCIÓN
- 1.15. XUSTICIA

No desenrolo do cadro é evidente que existen dous polos: cara as seccións prima o carácter funcional e cara ás series o orgánico. No medio está o entramado de órganos no que haberá que ver ata que nivel de complexidade é prudente o seu reflexo. De momento si podemos dicir que se reflexará sempre o órgano inmediato produtor da serie. De se convén sinalar o órgano ou órganos superiores, é algo que noutra ocasión estudiaremos.

En canto ás diferencias co cadro de Madrid, ademais da cuestión filosófica xa indicada e a conseguinte multiplicación das seccións, cunha terminoloxía eminentemente funcional, engadimos aquí a sección Xusticia, que en Madrid non aparece en ningunha forma. O Correxidor do Concello tivo, ademais da función do goberno, a xurisdiccional, razón pola que a súa presenza é fundamental, tanto na xurisdicción civil como na criminal, e así aparece nos nosos arquivos de Betanzos e A Coruña.

O mesmo que ó plantexarnos a posible separación dos termos Sanidade, Beneficiencia e Asistencia Social resultou imposible, porque historicamente, nunhas etapas dun xeito e noutras doutro, atopámoslos imbricados, así tamén é imposible separar na longa duración Intervención e Depositaria (que por certo, agora é «Tesorería de Fondos» na Lei vixente). No presente, esa separación está legalmente clara, aínda que na realidade diaria non o estea tanto, debido a que moitas veces falta o interventor como tal funcionario, cumprindo as súas funcións outro que, en xeral, é o secretario. De aquí derivase que a maioría das funcións contables son, de facto, realizadas polo depositario ou tesoureiro. Pero moito máis complexo é buscar esas funcións (Intervención e Depositaria) no pasado, particularmente no Antigo Réxime, onde o único que existe é unha función globalizadora que é Contabilidade. Tendo en conta ademais que a palabra contas («cuentas») pervive aínda hoxe como derivación desa primeira función (cuentas de tesorería, cuentas de intervención,...) parécenos que non hai máis solución que aplicar un término globalizador que pode ser Contabilidade Xeral (22), por máis que neste punto nos separamos das solucións de Madrid e Sevilla.

Con Sevilla, aínda que a filosofía é a mesma, o cadro que nos resulta ten algunhas outras diferencias. Para empezar, non cremos que Pósito deba ser unha sección. Salvando as distancias e os matices históricos, trátase de algo semellante a Abastecementos e Transportes da época contemporánea. E dicir, o Pósito, que ten un gran desenrolo no s. XVI aínda que naceu no s. XIV, (chega o s. XX), derivase das grandes escaseces de grans debidas ás crises agrícolas, engadidas ó aumento de poboación e á conseguinte subida dos precios. O Pósito, daquela, foi unha resposta desde as autoridades a este problema. De orixe piadoso no s. XIV para atender as necesidades dos peregrinos medie-

(22) MUGICA, Serapio. *Cuadro de clasificación de documentos de Archivo del Excmo. Ayuntamiento de la M.N. y M.L. Ciudad de San Sebastián*. San Sebastián, 1897.

vais pasou máis tarde a ser o catalizador da economía da cidade (23). «Puede decirse que los pósitos eran instituciones de carácter local y en la mayoría de los casos municipal, destinados a almacenar granos en prevención de la escasez» (24).

Parécenos que a cuestión está clara e que Pósito debe estar na sección correspondente que é Servicios.

«Paro Obrero» é unha cuestión excepcional para os concellos, que non teñen competencias directas no emprego, asunto que corresponde hoxe en día ó INEM. Por máis que sexa unha realidade que afecta a moitos concellos, sobre todo a aqueles andaluces con forte incremento de paro agrícola, a administración municipal, en todo caso, atenderá estas necesidades desde a filosofía de asistencia social.

A sección «Viviendas» é outra cuestión extraña, porque se refire a vivendas de tipo social, xa sexa para familias pobres, funcionarios, etc., etamos outra vez dentro dun concepto asistencial. Polo tanto, corresponde á sección Sanidade, Beneficiencia e Asistencia Social. E no caso de que se refira a que o concello sexa o propietario delas, poderían entrar na sección de Patrimonio.

Tampouco nos parece riguroso abrir unha sección chamada «Varios», que non nos di nada do tipo de documentación que pode contar. Os documentos deben integrarse en sección concretas, ben definidas, e se un concello poidera ter excepcionalmente documentación que non entre no cadro xeral previsto, non ten máis que abrir unha sección nova, porque para iso o cadro é aberto.

Outra diferenza está ó elevar pola nosa parte Persoal a categoría de sección. E claro que se trata dunha función básica todo o que se refire ás persoas que fan posible o funcionamento da administración municipal, independentemente da súa adscripción orgánica que pode variar, como xa se viu recentemente coa «Ley Reguladora de Bases de Régimen Local», ó pasar da Secretaría á Alcaldía (25). Elevamos tamén Deportes a sección, porque: 1) trátase dunha función cada día máis importante e definida, polo que debe estar en paralelo con Educación, e con Cultura. 2) Porque a súa adscripción a algunha das seccións anteditas crea un efecto distorsionador ó non aparecer daquela ben definidos ningún dos tres conceptos.

7. SÍNTESE DE DÚAS EXPERIENCIAS: BETANZOS E A CORUÑA

Foi no 1981 cando o Concello de Betanzos contratou unha persoa para salvar e organizar o Arquivo Municipal. Posteriormente creou a praza de arquivista-bibliotecario que sería cuberta en 1983. Neses anos levouse a cabo o traballo máis duro. A maior parte da documentación estaba no edificio da ala oeste (a única que queda) do antigo mosteiro de San Francisco. No seu piso podre, sen ventanas, co teito a piques de caer e, por suposto, con impor-

(23) GARCIA CANO, María Isabel. «Abastecimientos de trigo y problema políticos-sociales. El Pósito de Córdoba en la época de Felipe II». *Axerquía* nº 14. Diputación Provincial de Córdoba, 1985.

(24) GARCIA CANO, María Isabel. *Op. cit.*, págs. 217.

(25) LLISSET BORREL, Francisco. *El Archivo Municipal*. Madrid, Instituto de Estudios de Administración Local, 1969.

tantes goteiras, atopábase tirada a maior (e máis antiga) parte da documentación histórica da cidade. Primeiro atouse como se puido e despois levouse en varios camiños ó edificio da cárcere de partido que era o único municipal que daquela tiña placas de formigón. Alí tamén se levou abundante documentación que quedara practicamente abandonada no antigo Hospital de San Antonio anos antes, cando a administración municipal funcionou alí por obras no Concello.

Unha vez unificada, empezouse a aillar series a partir das máis voluminosas. Despois, cando xa non quedaba espazo para traballar, viña a ordenación e posterior introducción en caixas de arquivar. Este proceso aínda non rematou.

O tempo que se ía construindo un cadro de clasificación, debuxábase pouco a pouco unha realidade cada vez máis complexa de series. No Anuario Brigantino 1986 douse xa un primeiro adianto da organización. Agora pode dicirse que no Arquivo Municipal exclusivamente existen 1.325 unidades de instalación e 130 metros lineais de documentación. Aparte, tamén se ordenaron outros arquivos: Arquivo do Hospital de San Antonio, A. da Sociedad de Socorros Mutuos de Artesanos, A. Cronista Vales Villamarín, etc.

Ata hai escasamente un ano, o Arquivo Municipal de A Coruña era simplemente un montón de papeis, instalados en 1.050 metros de estantería, sen a máis rudimentaria organización. Existía unha calamitosa destrución, non só física senón tamén orgánica do fondo documental. O Arquivo non recollía o máis simple organigrama da administración municipal.

O primeiro que se fixo foi realizar unha prospección en todo o fondo e seguindo os cadros de clasificación do grupo de arquivistas de Madrid e o de Antonia Heredia procedeuse á súa ordenación. A medida que se avanzou, a experiencia demostrou que resultaba máis axeitado para un arquivo das características do coruñés a filosofía do cadro de Antonia Heredia, pero coas variantes que recolle o que nós propoñemos.

Desta maneira conseguíronse clasificar e ordenar varias seccións que supoñen un total de 3.778 unidades de instalación en 330 metros lineais, con documentación que vai desde o s. XIII ata principios do s. XX.

BIBLIOGRAFÍA

- ANDREU PUJALTE, Manuela y otros. «Estructuración y funciones del personal de Archivo en la Administración Local». *Bol. ANABAD*. XXXI, 4 (1981).
- ARCHIVÍSTICA. Estudios básicos. Sevilla, Diputación Provincial, 1981.
- BERTALANFFY, L. von. *Teoría general de los sistemas*. Madrid, Fondo de Cultura Económica, 1976.
- CAYETANO MARTIN, Carmen y otros. «Los archivos de la Administración Local. Segunda encuesta». *Bol. ANABAD*, nº 3 (1986).
- CORTES ALONSO, Vicenta. «El tercer mundo de los Archivos». *Bol. ANABAD*, XXVII, 3-4 (1976).
- CORTES ALONSO, Vicenta. *Manual de Archivos Municipales*. Madrid, ANABAD, 1982.
- CUADRO de organización de Fondos de Archivos Municipales. Madrid, Comunidad de Madrid, 1984.
- DUPLA DEL MORAL, Ana. *Plan Regional para los Archivos Municipales de la Comunidad de Madrid*. Madrid, 1985.
- GALLEGO DOMINGUEZ, Olga y LOPEZ GOMEZ, Pedro. «Los Archivos Históricos Provinciales en su cincuentenario». *BOL. ANABAD*. XXXII, 1-2 (1982).
- HEREDIA HERRERA, Antonia. *Archivística General. Teoría y práctica*. Sevilla, Diputación Provincial, 1987.
- «Definición de funciones y planificación de servicios técnicos de Archivos en el ámbito estatal y en el ámbito autonómico». *BOL. ANABAD*, XXXV, 2-3 (1985).
 - «El archivero de la Administración Local». *BOL. ANABAD*, XXXI, 4 (1981).
 - «Esquema de un programa archivístico». *BOL. ANABAD*. XXXIII, 1 (1983).
 - *Manual de Instrumentos de descripción documental*. Sevilla, 1982.
- LOPEZ GOMEZ, Pedro. *Archivos, Autonomía e derechos ciudadanos*. Santiago, CIES, 1978.
- LOPEZ GOMEZ, Pedro. «Criterios para redactar una Ley de Archivos en una Comunidad Autónoma». *BOL. ANABAD*. XXXV, 2-3 (1985).
- «Los Archivos de la Administración Autónoma. Una propuesta de organización». *BOL. ANABAD*. XXXVII, 1-2 (1987).
 - «Los Archivos de Galicia». *BOL. ANABAD*. XXVII, 3 (1977).
- LLISET BORREL, Francisco. *El Archivo Municipal*. Madrid, I.E.A.L., 1969.
- PENA, Carlos Víctor. «Un Sistema Nacional de Servicios de Archivos, Bibliotecas e Información». *BOL. ANABAD*. XXIII, 1-2 (1973).
- RODRIGUEZ BARREDO, Julia María. «Los servicios prestados por un archivo municipal». *BOL. ANABAD*. XXXI, 3 (1981).

